

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.). Nº16. 1 de xuño -1 de xullo de 2006.
Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

Antonio Varela substituirá ao edil en Melide

Xesús Pereira presentou a súa renuncia como concelleiro

Xesús Pereira, un dos catro concelleiros do Bloque Nacionalista Galego en Melide presentou a súa renuncia como edil nunha sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado mes. O motivo que levou a Pereira a presentar

a súa renuncia ó pleno foi o seu nomeamento hai algunhas semanas como novo director- xerente de Turgalicia, un ente dependente da consellería de Industria, e responsable da promoción turística de Galicia.

O posto que deixa vacante Xesús Pereira será ocupado por Antonio Varela, quinto na lista do Bloque nas últimas eleccións municipais. Varela tomará posesión do seu novo cargo na vindeira sesión plenaria ordinaria. **L5**

A sexta edición de Corremelide xuntou preto dun milleiro de participantes no casco antigo

A sexta edición do Corremelide xuntou preto dun milleiro de rapaces e rapazas dos centros educativos melidenses, tanto de primaria como de secundaria, nas rúas do casco vello da vila. Deporte e cultura déronse a man durante toda a mañá, na que se sucederon carreiras nas distintas categorías.

Trala competición repartíronse trofeos aos máis veloces de cada categoría, así como premios aos mellores estudantes de segundo de bacharelato. Amáis da xornada deportiva, leuse un manifesto en prol do galego, gañador dun concurso aberto entre os alumnos do instituto melidense **L7**



Rodríguez Álvarez, reelixido presidente de ASETEM-CCA

O pasado venres día 2 ASETEM-CCA celebrou unha asemblea extraordinaria na que se elixiu á nova directiva do colectivo. José Antonio Rodríguez Álvarez resultou reelixido presidente da asociación por maioría

absoluta. Rodríguez Álvarez presentou unha candidatura formada por oito empresarios e comerciantes da vila. Tamén se celebrou a asemblea ordinaria na que se deu conta dos resultados do 2005 **L11 e 13**

Vázquez di que o anteproxecto do PXOM de Melide está case rematado

O anteproxecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Melide está practicamente finalizado, segundo confirmou a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez. A rexedora declarou que a empresa redactora, a coruñesa Monteoliva, ten case listo o proxecto que se remitirá á Xunta. **L5**

Os maiores da comarca festexan o seu día

Melide, Toques e Santiso homenaxearon aos maiores da comarca cos xa tradicionais xantares de confraternidade **L15**

Editorial

Os froitos do traballo

A vida é cíclica. Cada pouco tempo unha etapa toca ao seu fin e dáselle o pistoletazo de saída a unha nova. Isto é precisamente o que ven de pasar en ASETEM-CCA, a nosa asociación. A primeiros deste mes celebrouse a asemblea xeral ordinaria, que nesta ocasión veu seguida tamén duna extraordinaria na que se elixiu a nova directiva. Pois ben, nesa sesión ordinaria os membros da anterior xunta directiva do noso colectivo deron conta do feito o último ano, e, ao igual ca en exercizos anteriores, a súa xestión rematou cun balance claramente positivo en todos os aspectos. Todo, grazas ao traballo que eses directivos puxeron ao servizo do colectivo, e para ben de todos nós.

Durante o último ano ASETEM-CCA traballou sen descanso buscando novas fórmulas e sistemas de defensa dos intereses dos comerciantes e empresarios do concello. O colectivo naceu para loitar por un Melide mellor dende o punto de vista das súas empresas e dos seus comercios, e así o está facendo. Porque un

Melide con empresas máis fortes e con comercios con maiores vendas é un Melide con máis posibilidades para os seus veciños, un concello que pode mirar ao futuro sen medo, e que loita por estar entre os primeiros. Pero todo isto non se pode conseguir cun comercio feble ou cun sector empresarial pobre.

A Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto non é máis ca unha ferramenta da que empresarios e comerciantes se poden servir para asentar os seus negocios, darlles un novo pulo que lles permita marcarse novas metas e abrirse a novos ámbitos. Ata o de agora este traballo veuse realizando satisfactoriamente, e proba dilo é o incremento do número de socios durante o último ano. Proba delo é o balance económico claramente positivo co que se pechou o exercicio, e que continúa deste xeito coa dinámica de anos anteriores. Proba delo é a amplísima memoria de actividades que se presentou aos socios na última asemblea. Proba delo

é a forte presenza de ASETEM-CCA nos distintos órganos comerciais e empresariais supramunicipais.

ASETEM-CCA ten xa un nome propio dentro dos ámbitos empresariais e comerciais galegos, e isto só se consegue dun xeito: con traballo. Co traballo que semana a semana as sucesivas xuntas directivas viñeron facendo ao longo dos anos, e que deron os seus froitos. O noso colectivo é unha realidade plenamente asentada e cun promotor futuro.

Agora que comeza unha nova etapa na asociación, é momento de marcarse obxectivos. As metas, sen dúbida, garantimos que serán ambiciosas, porque os resultados dos últimos anos permítenos mirar con claridade ao futuro e procurar horizontes máis lonxanos. É hora de procurar fórmulas que subsanen os problemas intrínsecos e estruturais aos que se enfrenten a cotío as nosas empresas e o noso comercio.

Este tren está en marcha, e segue a vía do traballo ben feito en dirección ao Melide do mañá. Que ninguén perda esta viaxe.

Tribuna de opinión

Grazas

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Hai apenas uns días a asemblea de ASETEM-CCA depositou en min, e en oito compañeiros máis, un voto de confianza que dende aquí quero agradecer. Logo de catro anos como presidente da nosa asociación, comerciantes e empresarios de Melide déronme novamente o seu apoio e o seu respaldo permitíndome continuar á fronte desta gran familia. Estou dobremente agradecido por ese apoio porque entendo que ese respaldo ven a ser un parabén á xestión que os meus compañeiros e eu fixemos ao longo dos últimos catro anos. Dende o momento en que a asemblea de ASETEM-CCA me deu a oportunidade de ser o seu presidente, tanto eu como os membros da anterior directiva tivemos moi clara cal era a nosa misión: traballar en prol dos comerciantes e empresarios de Melide, e loitar pola nosa vila. Con esta premisa comezamos a nosa labor, e esa idea foi a que tivemos presente ao longo dos últimos catro anos. Coa reelección da miña candidatura na última asemblea doume conta de que o duro traballo que os meus compañeiros e eu fixemos durante o anterior mandato deu os seus froitos, viuse recoñecido.

Ante isto só me queda agradecer ese respaldo e ese voto de confianza. O recoñecemento do traballo ben feito é o mellor parabén e o maior pulo que os meus novos compañeiros na xunta directiva e eu podemos ter para comezar esta andaina.

Dicirvos tamén dende este recuncho, froito tamén da nosa asociación, que comezamos cheos de ilusión e proxectos. Porque isto é precisamente do que se trata: traballar en ideas novas que potencien o comercio en Melide. Buscar sistemas que favorezan ás nosas empresas, e que polo tanto lles permitan crear novos postos de traballo que repercutan positivamente na vila. Somos conscientes das responsabilidades que nos acompañarán durante os vindeiros catro anos, pero estamos dispostos a traballar e a loitar para que este proxecto común que temos continúe dando os seus froitos.

Quero dar tamén as grazas a esas persoas que pola rúa, ou telefónicamente, me felicitaron e me transmitiron os seus mellores desexos. Grazas a eles tamén ppor apoiarme. Grazas a todos.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fociños, Vanessa Martínez, Iria Raposo, Brinquedia.

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Para anunciarse en
Cerne só ten que
chamar ao
981.506.188

Chame e infórmese sen compromiso
das nosas tarifas

Galescolas: educaicón de calidade en galego

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

Nada novo dicimos se falamos da existencia de lista de espera na escola infantil de Melide. Chama a atención que, un ano máis, haxa varios nenos que teñan que ir todos os días á gardería de Arzúa. Para o BNG, é inadmisíble que un goberno tire abaixo unha fermosa Casa da Cultura que agora non dá rematado, ou que gaste 200 millóns de pesetas na construción dun Palacio de Congresos que se usa dúas veces ao ano, namentres hai moitas nais traballadoras que non poden levar aos seus fillos á escola infantil.

No BNG sabemos que as escolas infantís son fundamentais na sociedade de

hoxe, preocupáanos a falta de prazas e demostrámolo con feitos. Proba diso é a posta en marcha dunha iniciativa moi necesaria e desexada no País: escolas infantís en galego. O Vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, propónse a creación de 99 Galescolas en so dous anos.

Con esta Rede Galega de Escolas Infantís preténdese que toda a cidadanía teña o mesmo nivel de benestar, que o mundo rural teña as mesmas oportunidades e servizos que as zonas urbanas. Téntase rematar así, dunha vez por todas, coa división de Galiza en cidadáns de primeira e de segunda, uns

con máis servizos ca outros.

Así, na nosa provincia crearanse 37 Galescolas con 2.173 novas prazas para menores de entre 0 e 3 anos, o que se traduce nun incremento de prazas de máis do 50%. Pero, ademais, as novas escolas infantís suporán 370 postos de traballo directos na provincia.

Esta iniciativa foi dada a coñecer esta mesma semana por Anxo Quintana, e supón unha boa nova para Melide, posto que é un dos 34 concellos da provincia elixidos para a ampliación da súa gardería. Melide necesitaba máis prazas na escola infantil, e o BNG da Xunta de Galiza non se esqueceu de nós.

Xogar limpo

GRUPO MUNICIPAL DO PSOE DE MELIDE

Se decimos que a Sra. Alcadesa de Melide ten certa tendencia a faltar á verdade non decimos nada novo, pois basta recordar que xa iniciou o seu mandato faltando á verdade, cando na toma de posesión dixo textualmente: "Miguel Pampín vaise coas mans limpas e deixando as contas saneadas", o das mans cada quen que o interprete como queira, agora os das contas xa é cousa moi distinta: día tras día vemos que non estaban o saneadas que dicía pois fanse recoñecementos de facturas da "era Pampín" que o único que fan é hipotecar o futuro económico do Concello. Ó que íamos: a tendencia da Sra. Alcadesa a

faltar á verdade: fai uns meses os veciños da avenida de Lugo manifestáronnos a súa preocupación porque había tramos de rúa que impedían o cambio de sentido tras o pintado da estrada Lugo-Santiago, pertencente ó Estado, puxémonos en contacto con responsables da conservación e mantemento de Demarcación Carreteras e entendendo a necesidade de facer modificacións manifestan o seu compromiso para corrixir algunhas das anomalías detectadas; cal é a nosa sorpresa cando un deses veciños, que precisamente acudeu á reunión co referido responsable, nos comenta que a alcaldesa persoalmente lle comunica que ese respon-

sable estivo con ela revisando a estrada e que estivese tranquilo que xa lle comentou que se ía arranxar; ante iso poñémonos en contacto co responsable en cuestión e dinos que iso é falso, que non estivo coa Sra. Alcadesa, nin en Melide nin recorrendo a estrada.

Sra. Alcadesa todos sabemos o que vale un voto, o duro que é conseguilos, pero a Deus gracias o tempo do caciqueo vai quedando atrás, xa llo recordaron hai pouco nun acto multitudinario celebrado no concello: esqueza as prácticas caciquís, xogue limpo, e vaia coa verdade por diante, porque como din os nosos vellos "a verdade non ten máis ca un camiño".

Espazo reservado para o Partido Popular

Ao igual ca en números anteriores, Cerne está aberto ás colaboracións e opinións do Partido Popular de Melide. O grupo municipal popular ten o seu oco nestas páxinas e agardamos que en vindeiras edicións teñana a ben aproveitar esta oportunidade.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar esta espazo, e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vial para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se están a suceder no municipio.

Ata entón, pedimos desculpas aos lectores de Cerne.

Cerne. Terra de Melide.

**Anúnciate
en Cerne**

981.506.188



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA)**

Telf.: 981505468

HC
Hotel Carlos '96

**RESTAURANTE
CAFÉ - BAR**

**BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS**

Tfno.: 981 50 76 33

Fax: 981 81 53 12

Avda. de Lugo, 119

15800 MELIDE (A Coruña)

e-mail: hc96@wanadoo.es

O conselleiro de Medio Rural asistiu ao festexo cos socios da cooperativa Melisanto celebrou o San Isidro cun xantar no que participaron máis de 1.300 persoas

A comida de confraternidade celébrase coincidido co día do patrón do agro

Redacción
Melide

O pasado 15 de maio, festividade de San Isidro, a Cooperativa Melisanto celebrou cos seus asociados o tradicional xantar de confraternidade co que honran ao patrón dos agricultores e gandeiros dende o ano 1999. Máis de 1.300 persoas participaron nos distintos actos que se desenvolveron ao longo do día, e que contaron coa participación de representantes do concello, o conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, o director xeral Antonio Oca e a delegada provincial Olga García.

Logo da recepción de autoridades, e nas instalacións da propia cooperativa, celebrouse un acto relixioso na memoria dos socios falecidos.

Xantar multitudinario

O acto central da xornada foi a comida de confraternidade á que asistiron os



Máis de 1.300 persoas asistiron ó xantar presidido por Varela, Vázquez e Suárez Canal

socios, familiares e colaboradores da cooperativa, así como as autoridades. O xantar celebrouse desta volta no Pazo de Congressos de Melide. En total, máis de 1.300 comensais distribuíronse

ao longo das mesas ubicadas no Pazo de Congressos, e atendidas por 35 persoas. Dende o concello de Chantada chegou a empresa adicada a comidas que se encargou de cociñar os 700 quilos de pulpo, as

120 empanadas, os 300 quilos de pan e os 100 quilos de lacón que se prepararon para os máis de mil comensais. Tamén se serviu carne cocida e tarta de Santiago de postre, todo regado con viño.

Responsables do colectivo solicitaron o apoio do departamento de Suárez Canal

Á marxe da parte meramente festiva, a presenza do conselleiro do Medio Rural nos actos de confraternidade de Melisanto serviu para que os responsables da sociedade cooperativa galega lle plantexasen a Suárez Canal algunhas solicitudes.

O presidente de Melisanto, José Varela, pediulle ao titular da consellería o respaldo económico do departamento para os proxectos promovidos dende a sociedade, e que teñen como fin a rentabilización dos recursos do sector. Entre as actividades que Melisanto está a promover están o cultivo de alimentos da horta e o cebadeiro de tenreiros. A cooperativa solicitou a Medio Rural respaldo para ampliar con 12.000 metros cadrados máis o invernadoiro, e para a construción dunha nave propia na que criar os tenreiros.

A RÚA OPINA

Plantexámoslle á xente da rúa cuestións de interese vencelladas á actualidade na comarca para tomarlle o pulso á rúa e darlle a palabra aos auténticos protagonistas: os veciños.

1. Qué opinión lle merece a situación de endebedemento que marca as arcas municipais melidenses?

2. Qué medidas estima que sería oportuno adoptar para subsanar esa situación?



Eladio Garcia

1. Para juzgar hay que conocer la situación desde dentro. Es mi pueblo, y me duele. En los municipios hay que olvidar la ideología y la política y actuar como melidenses que somos.
2. La mejor opción creo que sería revisar en qué nos gastamos el dinero, evitar gastos superfluos y amortizar cada año una parte de la deuda a cargo de los presupuestos. Hay que evitar que se incremente la deuda, y se repita.



Iria Buxán

1. O problema non é a débeda, senón que eses cartos non corresponden a un investimento real que o día de mañá poida revertir en beneficios. Son perdas netas, non investimentos, e iso é o malo. É froito de derrochar.
2. Habería que estudar as necesidades reais do concello e planificar medidas en base á realidade. Creo que se debería artellar a oferta e demanda de necesidades, e a partir de aí cingirse aos orzamentos.



Lourdes Laya

1. Paréceme que é moi alta a débeda, sobre todo porque ao final, quen vai facerse cargo dela son os veciños. É a nós aos que se lle suben os recibos da auga e da recollida de lixo cando hai que xuntar cartos.
2. Que busquen a mellor maneira de aforrar cartos. Que se gasten onde realmente fagan falta e que se aforre o que poidan para poder ir pagando a deuda, aínda que sexa pouco a pouco.

O cargo de edil é incompatible co de xerente de Turgalicia Xesús Pereira presentou a renuncia como concelleiro de Melide

O nacionalista será substituído na corporación por Antonio Varela, quinto na lista do Bloque no municipio



Xesús Pereira, de pé na imaxe, foi nomeado director xerente de Turgalicia

Redacción
Melide

Xesús Pereira, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego de Melide, presentou a súa renuncia como edil na sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado día 23, e que tiña como único punto da orde do día a renuncia do municipio. Xesús Pereira foi nomeado hai unhas semanas novo director

xerente de Turgalicia, ente responsable da promoción turística de Galicia, e dependente da consellería de Innovación e Industria.

Ata o de agora o concelleiro de Melide impartía docencia no Campus de Lugo como profesor de Economía Cuantitativa, amáis de ser un dos catro edís nacionalistas en Melide.

O posto que ata o de

agora viña desempeñando Xesús Pereira na corporación melidense ocuparao a partir de agora Antonio Varela, o quinto candidato da lista nacionalista de Melide nas últimas eleccións municipais, no 2003.

Antonio Varela tomará posesión do seu novo posto no vindeiro pleno municipal da corporación de Melide.

O PSOE critica á alcaldía por non ter sido convidado á festa da terceira idade

Redacción
Melide

O grupo municipal socialista de Melide amosou o seu descontento coa alcaldía de Melide por non ter sido convidado á festa da terceira idade celebrada o pasado 21 de maio. Os socialistas presentaron o día 14 de maio un escrito no concello solicitando que se convidara ao PSOE local á xuntanza, por entender importante acompañar aos maiores do

concello nun acto como o celebrado. Segundo o voceiro socialista municipal, xa o ano pasado pediran que se lles remitiran as invitacións, pero sen éxito. Segundo Manuel Prado, "este ano a señora Alcaldesa nin sequera se molestou en contestar o escrito", engade Prado, que non lles estraña debido a que "non contesta a todos os escritos, e cando o fai soe ser bastante ambigua".

Pola súa banda, a alcalde-

sa Ánxeles Vázquez recalculou o día da festa dos maiores que o acto non era político. A rexedora lembrou que se trata dun acto organizado dende o centro social, e sen carga municipal, razón pola cal non se invitou tampouco aos rexedores dos concellos veciños. Á festa dos maiores melidenes acudiron a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, o tenente alcalde, e a concelleira de servizos sociais, Pilar Sánchez.

Ánxeles Vázquez asegura que o anteproxecto do Plan Xeral melidense está case finalizado

Redacción
Melide

O anteproxecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Melide está practicamente finalizado, segundo confirmou a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez. A rexedora declarou que a empresa redactora, a coruñesa Monteoliva, ten case listo o proxecto que se remitirá á Xunta de Galicia para que o departamento autonómico emita un informe sobre o

plan que rexerá a ordenación do territorio do concello. Segundo a alcaldesa, unha vez que a Xunta dé este primeiro visto bo, e comprobe a documentación adxuntada, remitirase ao concello. Isto será nun prazo máximo de tres meses, un tempo que Ánxeles Vázquez cre que se esgotará, debido á carga de traballo da consellería de Política Territorial, responsable dos plans de ordenación.

O BNG denunciou a aparición dun novo vertedoiro non controlado no concello

Redacción
Melide

O Bloque Nacionalista Galego de Melide puxo en coñecemento do grupo de goberno durante o último pleno a aparición dun novo vertedoiro incontrolado na parroquia de Zas de Rei. Con este son xa catro os verte-

doiros sen control denunciados polos nacionalistas nos últimos meses. Entre os voluminosos atopados no vertedoiro estaban unha cociña de butano, unha neveira ou ferros, ao carón mesmo do coñecido como Camiño Real.

Os nacionalistas melidenses reclaman bandas rugosas na rúa Rosalía de Castro

Redacción
Melide

O BNG de Melide presentou no pleno de maio unha moción na que solicitou a instalación de bandas rugosas nesa rúa debido, según os nacionalistas, á velocidade á que transitan os coches nesa rúa. O grupo nacionalista argumentou ademais que a Rosalía de Castro é unha vía pola que camiñan a diario rapaces e rapazas do instituto de secundaria así como do colexio de primaria Número 1. Amáis da colocación de bandas rugosas en dous

puntos distintos da Rosalía de Castro, o BNG pediu tamén unha mellora na iluminación da rúa, ao contar só con catro farolas que funcionan de xeito intermitente. O grupo de goberno, que votou en contra da moción nacionalista, argumentou a súa negativa en non ter constancia de problemas na Rosalía de Castro. Segundo o grupo de goberno, a Policía Local non ve prioritaria a colocación de bandas na rúa dado que os coches non circulan a velocidade excesiva.

Melide celebra a XVI edición da súa Feira de Mostras os vindeiros 24 e 25 de xuño

Redacción
Melide

Melide celebrará o 24 e o 25 de xuño a XVI edición da Feira de Mostras. Durante dous días o Pazo de Congressos e Exposicións melidense e os seus arredores acollerán diversos actos vencellados á feira de mostras do cerne de Galicia na que, se honra a tenreira galega e os melindres.

Ao igual ca en anos anteriores, o domingo habrá a degustación gratuita de produtos co selo melidense, e o tamén xa clásico desfile de moda, así como unha actividade vencellada ao mundo da bicicleta de montaña, e outra con teledirixidos.

Entre as actividades que o Concello de Melide programou para esta decimosexta edición está unha exposición de artesanía Antonio Fraguas, un taller de radio, ou un

campionato de scalextrie. Habrá tamén o tradicional sorteo dun escarparte confeccionado cos agasallos doados polos establecementos melidenses que participan na feira.

Expositores

Un dos pratos fortes da Feira de Mostras de Melide son os expositores. O ano pasado máis de 70 empresas e comercios tiveron presenza na convocatoria do centro de Galicia, e este ano, agárdase que se supere esta cifra. O concello non dispón aínda do listado completo de participantes debido a que continúan inscribíndose ata última hora, pero as previsións que se manexan superan as cifras manexadas o ano pasado.

O sábado pola mañá terá lugar a inauguración e apertura da Feira de Mostras no Pazo de Congressos, e será o domingo pola noite cando se clausure.

O galardón concédeo o colectivo Amigos dos Museos de Galicia O Museo da Terra de Melide recibe o premio Pedra do Destino 2006

Redacción
Melide

O pasado 18 de maio, Día Internacional dos Museos fíxose público o fallo do premio Pedra do Destino 2006, que na súa XVIII edición recaeu no Museo da Terra de Melide. A Asociação Amigos dos Museos de Galicia, colectivo que entrega o galardón, valorou a aposta firme do Museo da Terra de Melide pola defensa, estudo e conservación do patrimonio cultural dende a súa posta en marcha hai 25 anos.

Outro dos factores que Amigos dos Museos de Galicia tivo presente á hora de conceder o premio, foi o amplo número de publicacións e estudos que o museo ubicado en Melide ven facendo dende o ano 1982. En edicións anteriores, o Pedra do Destino recaeu en persoeiros como Isaac Díaz Pardo ou Maruxa Seoano, e en museos como o da Fonsagrada, o de Oseira,



O Museo melidense ten case tres décadas de historia

ou o Museo Etnográfico da Capela.

A directiva do museo melidense visitará proximamente a sé de Amigos dos Museos de Galicia para expoñer os seus novos proxectos, que serán apoiados cunha cuantía que oscila entre os 3.000 e os 6.000 euros. Así mesmo, tamén se fixará a data de entrega do galardón.

Xosé Manuel Broz, director do Museo da Terra de

Melide adicou o premio aos socios do museo “polo seu firme apoio durante tantos anos que fixeron posible unha gran obra colectiva”.

28 anos de traballo

O Museo da Terra de Melide comezou a funcionar no 1978 na biblioteca, e dende 2001, e grazas ao apoio popular ubícase no antigo hospital de peregrinos, onde dispón de sete salas.

A Asociación de Troiteiros Río Furelos participa no Programa Ríos de ADEGA

Redacción | Melide

A Asociación de Troiteiros Río Furelos ven de asinar un convenio coa asociación ecoloxista ADEGA polo cal o colectivo de troiteiros de Melide se compromete a participar no Proxecto Ríos promovido pola asociación ecoloxista. Trátase dun programa de educación ambiental e voluntariado que pretende achegar á cidadanía as ferramentas necesarias para o mantemento e mellora dos ecosistemas fluviais mediante inspeccións, encontros e xornadas de formación.

A Asociación de



Río Furelos leva ao colexio a educación ambiental

Troiteiros Río Furelos porá en marcha dúas inspeccións de dous treitos do río, neste caso o colectivo melidense escolleu o

tramo Petos- Ponte Mazaira, e Ponte Vimianzo- Portochao.

Doutra banda, Río Furelos está a impartir

A sociedade de pesca deportiva Ponte Mazaira organizou o I Concurso de captura e solta

A sociedade de pesca deportiva Ponte Mazaira organizou o pasado 27 de maio o I concurso de captura e solta da Terra de Melide na modalidade de lance. Arturo Martínez resultou gañador do certame, seguido por Cándido Soto, como segundo clasificado, Juan Verde, terceiro, e Alberto González cuarto. Houbo trofeos, diplomas e

medallas conmemorativas.

Con este concurso, Ponte Mazaira quixo contribuir a mentalizar aos pescadores de que é posible “un desfrute máis racional dos nosos ríos”. A sociedade deportiva tenta con iniciativas como esta implantar a práctica da captura e solta sobre todo ente os máis novos.

charlas nos colexios da comarca sobre a defensa e protección dos ríos, concretamente do Furelos. Nestes encontros, cos que

se pretende concienciar aos máis novos, proxéctase tamén un vídeo sobre a I Xornada de limpeza do Furelos.

Ao carón | Xornada de diversión

Corremelide sacou á rúa deporte, cultura, e un milleiro de participantes

A sexta edición do evento volveu contar coa presenza de estudantes e profesores dos centros melidenses

Redacción
Melide

Preto dun milleiro de rapaces e rapazas dos colexios melidenses e do instituto de secundaria participaron o último venres de maio na sexta edición do Corremelide; unha xornada festiva na que deporte e cultura se deron de novo a man. Durante toda a mañá as rúas do casco vello melidense comprobáron a forma física dos pequenos (e dos non tan pequenos) da comarca. Os participantes, repartidos en seis categorías masculinas e seis femininas, foron tomando sucesivamente a saída xunto ao velorio municipal, pasaron polas proximidades do castelo e cruzaron a meta

situada na praza do convento. Na chegada, diplomas para todos os participantes, e medallas e trofeos para os primeiros. Música e dous *presentadores-locutores* alumnos do instituto, e cheos de gracia encargáronse de poñer a nota de cor.

Na liña de chegada, reaccións para todos os gustos: os primeiros que cruzaban a meta *sobrados*, e os que pechaban o pelotón con máis dignidade ca folgos. O caso é participar.

Á hora de entregar trofeos, sen dúbida a palma levárona os máis novos. Os alumnos dos colexios locais vitorearon aos compañeiros celebrando cada trunfo que ía a parar as respectivas clases. Unha rivalidade sana que engadía emoción ás carreiras.

A competición máis



Preto de un milleiro de estudantes competiron no Corremelide

movida foi, sen dúbida, a da categoría xuvenil masculina, onde alumnos e profesores loitaron pola vitoria sen piedade. Ao final o trunfo foi a parar a mans dun dos estudantes.

Trala entrega de trofeos, leuse o manifesto gañador do certame en defensa da lingua galega e entregáronse os agasallos aos estudantes que conseguiron matrícula de honra en segundo de bacharelato.

O Corremelide, con seis edicións ás costas, é xa un clásico.



A liña de meta ubicouse na praza do Concello

Melide proclamouse subcampión no Intermunicipal de fútbol sala

Redacción | Melide

O torneo Intermunicipal de fútbol sala que se disputou no pavillón melidense a última fin de semana de maio rematou co conxunto local como subcampión do torneo. Un total de 11 equipos participaron na novena edición da competición, que foi a parar a man de Lousame tras vencer a Melide por 1-2 na final. O conxunto local tivo na súa man a vitoria, ao adiantarse no marcador cun 1-0, pero lonxe de se render, Lousame buscou a vitoria e aproveitou a confianza

dos locais para nos últimos minutos do partido firmar o trunfo.

Tamén participaron Val do Dubra, Serra de Outes, Toques, Santa Comba, Negreira, Tordoia, Vedra, Touro e Arzúa, estes dous últimos caeron nas semifinais. Entregáronse trofeos aos catro primeiros clasificados, ao mellor porteiro e ao mellor xogador.

Turno para os rapaces

A fin de semana do 10 de xuño disputáronse as Intermunicipais de nenos. Un torneo que gravita sobre a idea da práctica do

deporte e da diversión, e non tanto sobre a idea de competición. Melide e Curtis son de antemán os favoritos para chegar ás finais das cinco categorías en liza. Participarán os equipos de Arzúa, O Pino, Boimorto, Ordes e Toques. A dinámica do torneo establece primeiro unha liguilla na que xogarán todos contra todos, e máis tarde os catro mellores xogarán semifinais e finais en Boimorto. Todos os participantes rexeranse por unhas normas de conduta que potencian o espírito deportivo.

A Deputación destina 65.000 euros á Sinfónica para o proxecto Concertos de época

Redacción
Melide

A Orquestra Sinfónica de Melide recibirá unha axuda de 65.622 euros da Deputación da Coruña para a posta en marcha do proxecto *Concertos de época*. A iniciativa pretende achegar a varias localidades coruñesas un concerto con oberturas, marchas, polcas e vals de Strauss.

A formación que dirixe Fernando Vázquez Arias está xa a preparar o repertorio para *Concertos de época*, unha iniciativa

coa que achegarán as obras máis importantes de Strauss, Suppé e outros compositores da época a distintas vilas da Coruña. A Sinfónica, con este novo repertorio pretende cubrir un espazo desatendido dentro da música sinfónica en Galicia, ao tempo que se dan a coñecer obras diferentes das que xeralmente programan as orquestras profesionais. A formación compaxinará así temas máis populares con outros máis escollidos.

Catasol, a pioneira, é tamén colectivo de consumidores e usuarios Preto de 1.500 mulleres pertencen a colectivos femininos na comarca da Terra de Melide

Sobrado e Santiso contan con cadansúa asociación, e Melide ten dúas

Redacción
Melide

As asociacións femininas son unha realidade na comarca dende hai algún tempo. Hai xa 14 anos que a por aquél entón asociación de amas de casa de Melide abría o camiño, e agora son catro os colectivos que operan na Terra de Melide. A primeira asociación de amas de casa de Melide traballa agora como Asociación de Mulleres Consumidores e Usuarios, e comparte concello con ARUME, un colectivo pensado para as mulleres das parroquias melidenses. A Maristela de Sobrado é un dos colectivos con maior número de actividades e asociados, e AMURUSA, a asociación de Santiso conseguiu en tan só tres anos xuntar a máis de 160 mulleres do municipio.

O único concello da comarca que na actualidade non conta con ningunha asociación desta índole en pleno funcionamento é Toques. Hai algún tempo comezouse a forxar un



Pisa foi unha das cidades visitadas polos integrantes de CATASOL

colectivo feminino, pero non chegou a fructificar por falla de xente disposta a encabezar o proxecto. E é que ese é o gran problema ao que se enfrontan todas as asociacións.

As razóns polas que as catro asociacións comezaron a funcionar son variadas, pero teñen en común

a falla de servizos ou oportunidades dos veciños dos concellos.

No caso da pioneira Amas de Casa de Melide a asociación botou a andar para poder ofrecerlle aos rapaces do municipio a oportunidade de participar en actividades extraescolares que por aquel entón non

había. A Maristela xurdiu pensando nas mulleres do concello que non tiñan a oportunidade de facer viaxes, coñecer sitios novos ou mesmo interrelacionarse entre si. No caso de ARUME, o obxectivo é equiparar as posibilidades das mulleres das parroquias ás da vila.

A maior parte das actividades que se desenvolven son cursos e viaxes

O traballo que se fai dende Catasol, A Maristela, AMURUSA e ARUME está pensado para ofrecerlle aos seus asociados a oportunidade de participar en actividades, cursos e viaxes que doutro xeito non se organizarían. O número de persoas que forman parte destes colectivos na Terra de Melide chega xa aos preto de 1.400, unha cifra que fai pensar que o fenómeno do asociacionismo, xa sen ter en conta colectivos de orde cultural, está plenamente asentado.

Boa parte da actividade cotiá das asociacións céntrase nos cursos que se organizan nas súas sedes. Restauración de mobles, manualidades, bolillos ou cociña son algunhas das actividades máis demandadas. As viaxes organizadas son tamén reclamadas polos socios, ao igual ca iniciativas como aeróbic ou ximnasia de mantemento. Un amplo abano para mulleres cada vez máis activas.



Ballet foi unha das actividades máis exitosas de Catasol

A.M.C.e U. CATASOL

A Asociación de Mulleres, Consumidores e Usuarios Catasol de Melide naceu hai 14 anos como colectivo feminino, se ben dende 2002 funciona tamén como oficina do consumidor. Os primeiros pasos da asociación que preside Manolita Morán viñeron propiciados pola ausencia de actividades extraescolares que ofrecer aos rapaces da vila. Logo de diversos contactos e coa axuda da asociación da Coruña botou a andar o colectivo

A pioneira que soubo reorientarse e expandir os seus horizontes

con apenas 50 socias. Hoxe son xa 900 asociados, dos cales 500 son titulares (con voto) e os demais son familiares.

Nestes anos, e cun duro traballo ás costas, a asociación conseguiu organizar todo tipo de actividades. Unha das primeiras ideas que fructificou foi a psota en marcha do grupo Castelo, de baile galego e gaitas, e que naceu ao tempo que a propia asociación.

O cartel de actividades da

asociación conxuga baile, ballet no seu día, gaita e pandeireta con encaixe de bolillos, labores para nenas, debuxo e pintura, bailes de salón, ximnasia de mantemento, excursións e un mínimo de dúas viaxes culturais ao ano. A xa tradicional chocolatada de San Xoan ou diversas conferencias vencelladas a cuestións actuais completan as iniciativas de Catasol, un colectivo que da prioridade ao benestar dos seus asociados.



O grupo tradicional A Maristela xurdiu da asociación

A MARISTELA Un colectivo nado para dar unha oportunidade ás xentes de Sobrado

No ano 2000 fundouse en Sobrado A Maristela, un colectivo que naceu con case 70 socias e que hoxe conta con 285 e dous locais. A asociación naceu cun obxectivo moi claro: dar á xente do rural a oportunidade de coñecer outros lugares e de interrelacionarse abrindo un camiño cheo de novas oportunidades, lembra Ánxeles, presidenta de A Maristela.

Dende os seus comezos o traballo do colectivo deu

os seus froitos. Cursos, actividades e viaxes forman parte do día a día da asociación. Hai uns meses comezaron con aeróbic, unha actividade que se suma ao punto de cruz, as manualidades ou a arte floral, iniciativas que xa se puxeron en marcha en A Maristela.

A asociación de mulleres rurais vai moi parella coa vida cotiá de Sobrado. Proba delo é a posta en marcha dun grupo de baile, gaita e pandeireta

que leva o nome da asociación. Trátase dunha formación con máis de 30 integrantes entre os 5 e os 16 anos que se puxo en marcha pensando ofrecerlles aos fillos das socias da asociación unha oportunidade para xuntarse.

O colectivo de Sobrado está xa a traballar en próximos proxectos como pode ser a posta en marcha de cursos vencellados á agricultura e que tentan potenciar o autoemprego no municipio.

AMURUSA Tres anos de vida repletos de actividades, cursos e viaxes

Hai tan só tres anos que comezou a andar a Asociación de Mulleres Rurais de Santiso. Como tanta outras converteuse no primeiro gran colectivo que aglutinaba a un bo número de persoas do municipio. Botou a andar con 32 mulleres que neste intre son xa 160.

Nestes pouco máis de tres anos de vida do colectivo, AMURUSA puxo en marcha diferentes actividades baseadas e pensadas para mulleres do rural, tal e como lembra Berta

Sangiao, presidenta do colectivo.

Actividades como aeróbic, que vai xa polo seu segundo ano, un coro ou bailes de salón foron algunhas das iniciativas que máis éxito tiveron ata o de agora.

A continua organización de cursos organizados dende AMURUSA resposta á demanda que hai por parte das socias. Cestería con 22 alumnas, repostería con 25 ou manualidades son só algúns dos cursos impartidos nos locais da

asociación en Arcediago.

Nos últimos días comezou a impartirse curso de xeriatría para o que se inscribiron 20 mulleres.

As vizxes son outro dos proxectos máis ambiciosos e ao tempo máis demandados. Covadonga, Fátima e Lisboa ou Mallorca foron algúns dos destinos. Proximamente plantéxase repetir a viaxe a Fátima, estes días irán ata Segovia e Ávila, e no mes de decembro prevén unha a Tenerife. Un non parar.



Os cursos centran parte da actividade de AMURUSA



As viaxes son demandadas polas socias de ARUME

ARUME

Os primeiros pasos dun colectivo enfocado á xente do rural

A principios de 2004 púxose en marcha ARUME, a Asociación de Mulleres Rurais de Melide. O colectivo deu os seus primeiros pasos cunha ducia de socias e hoxe xa superan as 35. A idea coa que xurdiu o colectivo era ofrecer ás mulleres do rural a oportunidade de organizar nas parroquias actividades ao igual que xa se viña facendo na vila.

Cruz Sampaio, presidenta de ARUME lembra que

“en Melide hai moitas actividades, pero a maioría non chegan ao rural, co cal é preciso dispoñer de coche, algo que moitas socias non tiñan”. Para paliar esta situación, púxose en marcha ARUME, que vai rotando as distintas actividades que organiza polas parroquias do concello para garantir que todas as melidenses teñen a oportunidade de participar, ao tempo que serve para dar a coñecer o colectivo.

A asociación xa puxo en marcha un curso de restauración de mobles e está previsto que proximamente dé comezo un de cociña. Nos plans de ARUME entra tamén un curso de xardinaría e outro de manualidades que agardan que lles concedan.

O colectivo está a asentarse cada vez máis e a superar vellos prexuízos vencellados coa utilidade e finalidade do fenómeno asociativo, e contiúa a medrar.

Fundación Toni Manero será cabeza de cartel da sétima Feira da Troita de Sobrado

Redacción
Sobrado

A Feira de Troita de Sobrado, que chega este ano á súa sétima edición, xa ten pechado o cartel de actuacións para o II Festival Musical e Intercultural da Xuventude. O cabeza de cartel deste ano será Fundación Tony Manero. A formación local Lony os Festicultores de Allariz e La Kinky Beat de Barcelona completan as actuacións previstas para o sábado 12 de agosto.

O acto central do domingo 13 será a degustación da "Troita á Montañesa". As actividades comezarán ás 8.00 horas co concurso de pesca no río Tambre. Durante toda a mañá sucederanse actuacións de grupos de danza rexional, e ás 12.00 procederáse á lectura do pregón. Ao remate das verbas de benvida, terá lugar un espectáculo

ecuestre.

A partir das 14.00 horas comezará a sesión vermú, trala que terá lugar a degustación do peixe homenaxeado, que se servirá na praza e que tamén se poderá degustar en todos os locais hostaleiros de Sobrado. Xa pola tarde celebrárase a VI edición da Baixada de Carrilanas, á que seguirá un novo espectáculo ecuestre. Xa pola noite, prevése unha foliada.

Concurso de carteis

O vindeiro día 16 pecharase o prazo para participar no concurso de carteis para a VII Feira da Troita do concello de Sobrado. O premio para o cartel gañador está dotado con 200 euros, amáis de ser a imaxe empregada para publicitar o eventofestivo. As bases do concurso están a disposición de todos os que o desexen no concello de Sobrado dos Monxes.

A Xunta rexeitara o PXOM remitido polo concello

A oposición de Toques pide á Alcaldía información sobre o Plan Xeral

Redacción
Toques

O grupo socialista de Toques solicitou no último pleno ordinario celebrado no concello información relativa ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Municipio. Logo de que a Xunta de Galicia non aprobase o plan de urbanismo remitido dende o concello, a socialista Cruz Bande solicitou á Alcaldía un informe no que se dé conta da cuestión. A mesma demanda que presentou a Agrupación Electoral Independentes por Toques, que preguntou así mesmo sobre a resposta dada por Estudio Técnico, redactor do plan, ao Concello logo da non aprobación do plan urbanístico do municipio.

Vertedoiros

A portavoz socialista en Toques reclamou que se tomen medidas urxentes para dar solución aos vertedoiros incontrolados que existen no municipio.



Política Territorial rexeitou o PXOM por deficiencias

Enseres voluminosos así como plásticos procedentes dos silos atópanse depositados de xeito incontrolado en distintos puntos do municipio xerando un problema medioambiental que ata o de agora non foi atallado.

Dende as filas socialistas preguntóuselle tamén ao grupo de goberno, no último pleno, a situación da cuestión relativa á sinal de televisión. Tal e como

comentou Cruz Bande, "requerimolles novamente á alcaldía información sobre as xestións feitas nos últimos sete anos para solucionar o problema da mala visualización das diferentes canles de televisión".

Así mesmo, a socialista preguntou ao grupo de goberno municipal sobre as actuacións levadas a cabo co Camiño Primitivo.

O colexio Virxe do Portal acolle un concerto de música clásica a cargo de Sexteto no Mar

Redacción | Sobrado

O 9 de xuño o colexio Virxe do Portal, de Sobrado, acollirá un concerto didáctico de música clásica a cargo do grupo Sexteto no Mar. O recital comezará ás 12.00 horas, e prolongarase durante unha hora.

Sexteto no Mar achegará aos asistentes os sons dun violín, unha viola, un violonchelo, e un contrabaixo. O grupo presentará un repertorio no que inclúen pezas clásicas así como ritmos populares.

Celta Prix responsabilizarase da recollida de lixo en Santiso os vindeiros catro anos

Redacción | Santiso

A empresa Celta Prix S.L. será a responsable do servizo municipal de recollida de lixo en Santiso durante os vindeiros catro anos. A empresa era xa a anterior concesionaria, e foi, segundo informou o alcalde Ramón Villar, a única que presentou toda a documentación necesaria e en regra, para poder optar ao servizo municipal de recollida de lixo.

Segundo o rexedor de Santiso, a oferta presentada por Celta Prix foi a única valedoira debido a

que as outras catro empresas que solicitaron a concesión do servizo foron desestimadas a causa de que presetaban distintas deficiencias.

Celta Prix renova así a concesión da recollida de lixo en no municipio de Santiso despois de que o anterior acordo rematara hai meses. Segundo informara Villar no pleno de marzo, a empresa, durante as semanas anteriores xa estivera recollendo o lixo grazas a unha prórroga acordada co concello

Villar compartiu con máis de 350 persoas o xantar aos emigrados en Bos Aires

Redacción | Santiso

O alcalde de Santiso, Ramón Villar viaxou o mes pasado a Arxentina para celebrar, xunto cos veciños do concello emigrados no país americano un xantar de confraternidade. En total, 360 persoas, nadas no concello ou descendentes de emigrados, participaron no encontro, celebrado no centro Arzuano-melidense de Bos Aires.

Este é o cuarto ano no que Villar se despraza ata a capital bonaerense para reunirse cos emigrados na Arxentina. O alcalde

de Santiso estivo acompañado polo concelleiro Manuel Suárez.

Ao regreso da viaxe institucional a Arxentina, Villar comentou a súa satisfacción logo de manter o encontro con xente que se viu obrigada a marchar do concello, pero que se sinten de Santiso. O rexedor lembrou que houbo xente "que recorreu máis de 300 kilómetros para achegarse ata Bos Aires para compartir ese día cos outros veciños de Santiso", lembrou o alcalde.

A candidatura recibiu o respaldo do 80% dos assemblearios José Antonio Rodríguez Álvarez foi reelixido presidente de ASETEM-CCA

Rodríguez manifestou a súa intención de seguir defendendo os intereses de Melide

Redacción
Melide

O pasado venres 2 de xuño celebrouse na sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto unha asemblea extraordinaria do colectivo coa elección dos membros da nova directiva como punto único da orde do día. José Antonio Rodríguez Álvarez, presidente da asociación os últimos catro anos resultou reelixido ao contar co respaldo do 80% dos assemblearios. Rodríguez Álvarez, que levaba catro anos á fronte da asociación presentou unha candidatura integrada por oito comerciantes e empresarios da vila que, a partir de agora, conformarán a nova directiva do colectivo.

Única candidatura

A candidatura encabezada por José Antonio Rodríguez foi a única presentada oficialmente, en tempo e forma. Durante a asemblea, propúxoselle aos asistentes que presentasen candidaturas alternativas, pero ningún dos presentes quixo optar ao cargo. Algúns assemblea-



O 80% dos assemblearios votaron a favor da candidatura de Rodríguez Álvarez

rios comentaron a posibilidade de convocar unha nova asemblea extraordinaria á espera de que algún membro do colectivo decidira finalmente presentar a súa candidatura, pero a maioría dos presentes rexeitaron esta opción ao entender que se trataba dun trámite improductivo e que o único que facía era dilatar máis no tempo a elección da nova

xunta directiva.

Así pois, a asemblea optou por someter a votación a única candidatura presentada, encabezada por Rodríguez Álvarez, e que colleitou un apoio do 80% dos assemblearios, maioría absoluta.

Agradecemento

Trala reelección de José Antonio Rodríguez Álvarez como presidente

de ASETEM-CCA, o presidente da asociación manifestou que a intención da directiva que preside é seguir loitando como ata agora polos empresarios e comerciantes de Melide. Procurando novas fórmulas e sistemas que favorezan os intereses xerais do sector empresarial e comercial melidense, e que potencien o crecemento do concello.

A nova xunta directiva está integrada por nove empresarios e comerciantes

A candidatura que José Antonio Rodríguez Álvarez presentou ao assemblearios está integrada por nove persoas. O presidente de ASETEM-CCA quixo formar unha candidatura de integración que xuntara xente do sector empresarial e xente do ámbito comercial, para garantir así unha maior representatividade dos dous grupos.

Con Rodríguez Álvarez á cabeza, a xunta directiva de ASETEM-CCA queda integrada por Javier López López, Manuel Vázquez García, Alberto Varela Costoya, Avelino Laya López, Sonia Valiño Vázquez, José Ramón Varela Villamor, Adolfo Álvarez Fuentes e José Valiño Vázquez.

A nova xunta directiva de ASETEM-CCA manterá agora a súa primeira xuntanza para distribuir os distintos cargos e repartir traballo. O presidente do colectivo comentou que tentarán seguir promovendo actividades e iniciativas dende a asociación como o viñeron facendo ata o de agora.

Subscríbete
a Cerne

981.506.188

Optica Abal

- Revisamos la vista y el oído
- Medimos la tensión ocular

Tfno: 98150 60 97 . Ronda da Courña, 20 - 15800 MELIDE
Tfno: 981 50 80 26 . C/ Lugo, 28 - 15810 ARZÚA

luzmariaabal@auna.com



* Productor de toda clase de flores

* Preparamos
Ramos de Noiva.
Coronas. Ramos.
Palmas. Centros, etc.

* Estamos a su servicio en:

Tfnos.: 981 50 61 64 - Part.: 981 50 59 86
Tfnos. móbiles: 666 49 38 49 - 666 49 38 50
C/. Amador Rodríguez, 7 - 15800 MELIDE (lla Coruña)

Grandes obras e particulares compoñen a carteira de clientes da sociedade

Ferralla Vulcano: unha empresa plenamente asentada con tan só catro anos de vida

Aínda que a súa produción mensual oscila, a media achégase ás 150 toneladas de ferro traballado

Redacción
Melide

Hai catro anos naceu en Melide Ferralla Vulcano, unha sociedade que no seu pouco tempo de vida conseguiu afianzarse no mercado comarcal e veciño. Celestino Penas lembra qué foi o que o animou a embarcarse no proxecto: “foi falando, e pensando sobre todo nos fillos, que traballan os dous na empresa. Dixemos imos montar un negocio con vistas ao futuro, e así foi como optamos polo negocio da ferralla”. En Vulcano fabrican todo tipo de ferralla para o sector da construción.

Dende a nave que ocupa Ferralla Vulcano no polígono industrial da Madanela saen a diario



Celestino Penas puxo en marcha a empresa hai tan só catro anos

quilos e quilos de material para construción. Empresas grandes e particulares compoñen a carteira de clientes da empresa, que comezou con dous obreiros e que a día de hoxe da emprego a oito persoas, e en ocasións, mesmo require máis.

“Ademáis, se collemos finalmente certas obras que temos en mente, haberá que incrementar a plantilla”, comenta Celestino Penas.

A produción que sae mensualmente da nave de Ferralla Vulcano é variable, “hai meses que te

pasas das 150 toneladas, outras que saen menos. Depende”, lembra Celestino, que puntualiza que “tamén depende da clase de ferro coa que traballes, porque ás veces traballando menos sacas o dobre de produción, sempre depende do material”.

O auxe do sector da construción favorece o bo momento das ferralleiras

“Hoxe non hai distancias”, así resume Celestino Penas o funcionamento do negocio. Ferralla Vulcano distribúe o material que sae da súa nave nos concellos da comarca, pero tamén suministra a zonas como Lalín, e a calquera punto de onde soliciten material. O camión do que dispón a empresa, e outro que están a carrozar, son ferramentas indispensables para poder desenvolver o traballo.

A situación do sector é, segundo Penas, “dos mellores anos para a construción”. Dende hai preto dunha década o pulo da construción é alto, e polo tanto, a demanda de ferralla para a construción vai parella a ese incremento da obra. “Eu sempre digo que, comparativamente, hai máis grúas hoxe en Melide ca en Bilbao no ano 82”, comenta Celestino.

O investimento en tecnoloxía é fundamental para conseguir sacar adiante o traballo

A principal traba coa que Ferralla Vulcano se atopa é, coma en practicamente todas as empresas, a necesaria renovación tecnolóxica. O sector da ferralla depende en gran medida do investimento en tecnoloxía que se faga. “É fundamental. Hoxe tes que sacar produción para diante, e para iso hai que ter tecnoloxía, ter máquinas” afirma Celestino Penas. Ferralla Vulcano cando se puxo en marcha fíxoo xa con algunhas das máis avanzadas máquinas deseñadas para o sector. “Son

máquinas que fan moi boa produción, sacan moi ben o traballo adiante, sácanos a nós moito traballo de enriba”, e iso, según Penas, é básico.

Mirando ao futuro

Agora que Ferralla Vulcano está plenamente asentada no mercado, é o momento de mirar ao futuro e plantexarse novos proxectos e metas. A empresa está a construír unha nave propia á que esperan trasladarse nun prazo de tempo breve. “Sempre esperas abrir novos camiños, ir máis lonxe,

pero hai que ter en conta que tan só levamos catro anos funcionando, e somos unha empresa nova”, afirma Celestino Penas, que, de todos xeitos, deixa caer que “Non lle podemos pedir máis peras á pereira, pero si é certo que temos en mente abrir máis sucursais da empresa”.

Á espera de que os novos proxectos se poñan en marcha, Ferralla Vulcano segue coma sempre a traballar e a sacar adiante os encargos que particulares e empresas, grandes e pequenas, lle propoñen.



O investimento en tecnoloxía é a chave do traballo

A directiva saínte presentou a memoria de actividades do 2005 ASETEM-CCA pechou o exercizo 2005 cun balance positivo

O colectivo empresarial e comercial continuou na liña de anos anteriores ao incrementar o seu número de asociados



Emilio Ares, José Antonio Rodríguez e Javier López deron conta do exercizo 2005

Redacción
Melide

A Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto celebrou tamén o 2 de xuño unha asemblea xeral ordinaria coa finalidade de dar conta dos resultados do exercizo 2005. A xunta directiva que se despedía, con Emilio Ares Rico no cargo de tesoureiro, deu conta aos asemblearios do balance económico do último ano, que rematou cun saldo positivo de máis de 20.000 euros, continuando deste xeito cos resultados de anos anteriores.

Tamén se deu conta do incremento no número de asociados a ASETEM-CCA. O colectivo, ao igual ca en anos anteriores, seguiu a medrar.

José Antonio Rodríguez Álvarez expúxolle aos asemblearios as diferentes actividades e iniciativas postas en marcha durante o último exercizo. Entre as iniciativas promovidas no 2005 destacou

o inicio do traballo de ASETEM-CCA dentro da Rede Galega de Centros Comerciais Abertos logo de que ASETEM comezase a funcionar como Centro Comercial Aberto. Apuntalar o traballo dentro desta Rede e como CCA é precisamente un dos obxectivos que se marcou a nova xunta directiva. Unha vez posto en marcha o Centro Comercial Aberto, ASETEM-CCA márcase como meta o seu desenvolvemento real para favorecer os intereses dos comerciantes locais.

Campañas promocionais do comercio, a campaña de Nadal que se organizou por primeira vez ou a colaboración de ASETEM-CCA coa Plataforma Autovía por Melide están tamén dentro do abano de actividades que o colectivo impulsou ao longo de 2005.

Dende ASETEM-CCA impartíuse tamén a formación precisa para obter o certificado de manipulador de alimentos, cursos

que conviven con accións formativas doutros ámbitos.

Información

Unha parte fundamental do traballo constatado na última asemblea, rcorrespondeu ao ámbito informativo. Segundo se expuxo na memoria do 2005, dende ASETEM-CCA impulsáronse diversas campañas informativas aos seus socios en distintos ámbitos. Así mesmo, dende a asociación responderon ou tramitáronse diversas cuestións plantexadas polos propios membros do colectivo.

Obxectivos

A nova directiva, electa na posterior asemblea xeral, manifestou algunhas das metas propostas para a nova lexislatura. Amáis da potenciación do CCA, ASETEM-CCA está a interesarse por cuestións como a seguridade na zona industrial melidense, ou novos sistemas de fidelización para os clientes dos comercios da vila.

Comeza a funcionar o novo Libro de Visitas para empresas e traballadores autónomos

Redacción | Melide

Dende o un de xuño tanto empresas como traballadores por conta propia deben dispor nos seus centros de traballo dos novos libros de Visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Trátase dun novo formato que pretende axustarse aos parámetros legais, e posibilitar, entre outras medidas, a inclusión dos funcionarios técnicos habilitados para inspeccións en materia de prevención de riscos laborais. Este novo libro deberá responder ó modelo oficial do anexo da Resolución do 11 de Abril do 2006 da

Inspección de Traballo.

Dende o un de xuño, todas as dilixencias que constaten os inspectores de Traballo, os subinspectores de Emprego e os funcionarios técnicos habilitados en materia de prevención de riscos, faranse exclusivamente no novo Libro.

Estes días estanse a publicar os novos libros de visita que respostan ao modelo oficial, que estarán a disposición das empresas e autónomos nas imprentas e algunhas librerías. Os libros deberán ser cubertos pola empresa titular e cos selos que lle correspondan.



Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66

15.800 MELIDE (A Coruña)



CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Carballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISION EXTERNA



Ata o 30 de maio estivo aberta a mostra sobre Lugrís

A Biblioteca melidense celebrou o Día das Letras

Redacción
Melide

A Biblioteca municipal de Melide conmemorou o Día das Letras Galegas cunha exposición sobre Manuel Lugrís Freire no edificio multiusos. A mostra, adicada á vida e á obra do intelectual galego estivo aberta dende o 12 ao 30 de maio.

O programa de actividades da Biblioteca contou tamén coa presenza do escritor Ramón Caride, que compartiu

unha mañá cos estudantes de terceiro e cuarto de ESO.

Dentro das actividades programadas pola Biblioteca, organizouse tamén un encontro dos alumnos de bacharelato co escritor Antón Riveiro Coello, así como a actuación da biblioteca municipal para os máis pequenos.

Para o vindeiro día 13 está programada a clausura do curso de Preescolar coa compañía de teatro Duende Zito.

A comisión de festas do Carme de Campos organizou un desfile para xuntar fondos

Redacción | Melide

A comisión encargada de organizar as festas do Carme en Campos achou este ano unha nova fórmula para xuntar fondos: un desfile de moda. Celebrouse o pasado mes no Pazo de Congresos de Melide con gran afluencia de público. Segundo comentou unha das organizadoras do desfile, as súas previsións non barallaban tan boa aceptación por parte do público, sobre todo tendo en conta que era o primeiro ano.

A iniciativa tivo como madriña e organizadora a unha veciña de Campos residente en Santiago e

que cedeu modelos da súa tenda de noivas e noivos para o desfile. A maior espectáculo foi sen dúbida para os modelos: veciños e veciñas de Melide Campos que se prestaron para facer por un día de maniquís. O acto, no que se sorteu un mantón de manila, estivo presentado por Pili Pampín e Miguel Torres.

Amáis de desfilar con roupa de rúa prestada por comercios locais, os maniquís desfilaron con traxes máis formais. O desfile pechouno un espectacular traxe de noiva.

Máis de 230 persoas colaboraron con Cáritas Melide asistindo á súa cea anual

Redacción
Melide

O hotel Carlos 96 acolleu o pasado mes a cea que dende hai arredor de dúas décadas organiza Cáritas interparroquial Melide para xuntar fondos para as súas actuacións. Este ano foron 236 os asistentes á cea, un número superior ao de anos anteriores.

Os cartos recolectados servirán para que Cáritas Melide financie a súa labor de colaboración coas familias máis desfavorecidas. Segundo comentou a responsable local de Cáritas, mensualmente estanse atendendo entre 15 e 20 familias ás que se lles presta axudas de distintos xeitos, ben sexa mediante a entrega de alimentos, ou mediante axudas económicas coas que axudar a pagar os alugueiros das vivendas, ou



Máis de 200 persoas asistiron á cea no Carlos 96

outros servizos de primeira necesidade.

Cáritas Interparroquial de Melide, que leva máis de dúas décadas funcionando na comarca, consegue os seus fondos para repartir entre os menos favorecidos a través da súa cea anual, grazas a tres mesas

petitorias que colocan en Corpus, así como cunha colecta nas tendas da vila en Nadal. As colectas de varias das misas que se celebran na igrexa parroquial o último domingo de cada mes tamén están destinadas a Cáritas Interparroquial Melide.

Axóuxere participou na Festa da Cultura organizada na Coruña co gallo do 17 de maio

Redacción
Melide

Os gaiteros melidenses de Axóuxere participaron o pasado 17 de maio, día da Letras Galegas, na Festa da Cultura organizada pola Asociación de Veciños da Cidade Vella da Coruña en colaboración coa Real Academia Galega, a Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, e o Concello da Coruña.

Os actos organizados para homenaxear á Real Academia Galega no seu centenario consistiu nun cortexo cívico polas casas dos académicos que viviron na Cidade Vella da Coruña e aínda máis.

Cortexo

Tomando saída da praza de María Pita, o cortexo cívico percorreu distintas



Axóuxere participou no cortexo cívico en A Coruña

rúas coruñesas ata chegar ao adro da Colexiata. Foi precisamente na Praza de María Pita onde se leu o manifesto da Asociación de Veciños da Cidade Vella, coa intervención de Francisco Fernández del Riego, ex presidente da Real Academia Galega.

Diferentes persoeiros do

mundo das letras e da cultura interviron sucesivamente para o cortexo, entre o que estaban os gaiteros de Axóuxere, dende lugares sinalados, tales como o balcón da Real Academia, ou dende a casa de Rosalía e Manuel Murguía, primeiro presidente da Academia.

Ao carón | Ruta festiva para a terceira idade

Os encontros son xa unha tradición cando chega esta época

Os concellos da bisbarra homenaxeán aos seus maiores

Xantares populares, música e baile déronse a man nas festas celebradas nos concellos da bisbarra. Melide xuntou a máis de 1.100 persoas, Santiso 800 e Toques preto de 400

Redacción
Melide

De festa en festa. Así andiveron estas últimas semanas os maiores da comarca. O pistoletazo de saída a esta ruta festiva para a chamada terceira idade deuse en Melide. O pasado 21 o Centro Social melidense, pioneiro na comarca e con 18 anos de traxectoria, festexou a súa xa tradicional comida na

que os incondicionais do centro desfrutaron de comida, boa compañía e música. Arredor de 1.100 socios do Centro déronse cita no Pazo de Congressos onde unha orquestra se encargou de amenizar a xornada. E é que o ritmo corre polas veas dos maiores da bisbarra, moitos dos cales xa antes de comer non poideron evitar a tentación de botar un baile, ensaiando de paso para o

concurso que se celebrou trala comida.

O testemuño de Melide recolleuno Toques o sábado 27. Preto de 400 veciños do concello participaron na festa dos maiores do municipio, celebrada no pavillón polideportivo municipal. Lacón, empanada, 170 quilos de pulpo con cachelos e 110 de carne preparados por unha empresa de Rodeiro serviron para dar de xantar aos

maiores que se achegaron un ano máis á súa festa. Unha misa, bombas de palenque e música completaron a xornada festiva.

V edición en Santiso

O primeiro domingo de xuño celebrouse a festa dos maiores de Santiso, que chegou este ano á súa quinta edición. Preto de 800 persoas asistiron ao xantar e aos distintos actos que se organizaron para o día. A xornada comezou cunha misa na capilla á que seguiu a primeira actuación da Coral de Santiso, unha formación que deu os seus primeiros pasos hai pouco máis dun ano, e que naceu ao abeiro da Asociación de Amas de Casa de Santiso.

Seguidamente veu o turno para a charanga Os

Amigos de Visantofña, e máis tarde para os integrantes de Airiños da Ponte.

A comida, servida por unha empresa de Chantada, serviu empanada, lacón, preto de 350 quilos de pulpo, e 150 quilos de carne ao caldeiro. Máis de 20 persoas encargáronse de cociñar e servir o xantar.

Trala comida, coa queimada, chegou o momento da música. A charanga Os Amigos e Os Airiños percorreron as ringleiras de mesas cos seus sons populares. Foi entón cando os asistentes, que resistiron a abafante calor, se animaron a bailar. A festa prolongouse ata a tardiña.



As festas dos maiores de Melide (imaxes superiores), Toques e Santiso xuntaron aos máis veteranos de cada concello

Planos urbanísticos

Iria Raposo

Cómpre salientar o abraiante que resulta ver un día tras outro como o ser humano non tenta protexer o seu entorno e persiste na súa disposición a construír todo o construíble. É curioso como os nosos semellantes permiten e alentan a destrución do noso patrimonio, rexeitando a nosa idiosincrasia e especulando co noso solo.

A consideración desta cuestión coma un problema fai demandar dos lexisladores a necesidade de combater esta situación mediante a creación de plans especiais e específicos, conformándoos como instrumentos básicos para a ordenación urbanística integral dun municipio. Proxectando os usos de solos para un certo número de anos: os usos do solo, a clasificación do solo en función do seu uso, a edificabilidade, a verticalidade das construcións ou a densidade edificadora permitida, a rede viaria, os equipamentos xerais e as medidas de protección do medio ambiente natural e urbano. Tamén este programa inclúe a programación das actuacións, o financiamento, o período de vixencia e as cláusulas de revisión. Os planos urbanísticos constitúen un instrumento de ordenación do territorio, non só, para regular e garantir un correcto desenvolvemento práctico e de calidade tamén, para evitar a disfuncionalidade e a falla de harmonía.

Hai anos estas normas non existían, como tampouco existía o concepto de feísmo urbanístico. Este fenómeno é relativamente recente, xurdiu como consecuencia fundamentalmente do desenvolvementismo dos anos 60-70 e como resultado dunha apertura a un



Colocáronse lousas sobre a ponte do río Furelos

mundo cada vez máis globalizado. A eiva en servizos e zonas verdes xunto coa masificación urbanística e humana de moitos lugares configurou un hábitat urbano conxestionado; por outra banda, o éxodo rural propiciou a aparición dun esquecido campo rachando neste senso coa estética e o respecto ao entorno. Esta situación no campo e na cidade plantexou a necesidade de formular políticas para afrontar estes crecentes problemas. O deseño dos planos de regulación urbana constitúen, dende entón, un conxunto de normas que promoven un patrón de conducta, de xeito que, fomentan unhas pautas de comportamento sensatas e responsábeis coa fisionomía galega. Co obxecto de crear conciencia do espazo e da súa edificabilidade, así coma o tipo de construción, materiais, estética e verticalidade da mesma.

Consiste en definitiva en proxectar por un número de anos unha batería de normas e leis que regulen o proceso de urbanismo

para rematar coa especulación e mellorar a calidade de vida apostando polo emprego do sentido común para evitar a destrución a paisaxe galega. Non só chega coa implementación das leis, é preciso a promoción de comportamentos éticos do grupo, xa que, a dificultade que en moitos casos se atopa para impoñer as sancións radica na necesidade de máis controis, pero o custo é moi elevado; é preciso, polo tanto, que esas pautas sexan interiorizadas e aplicadas polo conxunto da sociedade, deste xeito gañaremos todos. Un exemplo de todo isto, son as lousas empregadas para cubrir a ponte do río Furelos, ponte emblemática e histórica referente do Camiño de Santiago.

Son estas pequenas actuacións as que esganen a identidade e nos desvencellan da nosa historia. Se realmente pretendemos ser ambiciosos do noso, debemos pular polo desenvolvemento sostíbel e respectuoso da nosa terra.

Reseña histórica melidá Feiras e mercados en Melide e na montaña da dorsal galega

Xosé Domingos Fuciños

Ven de vello a celebración de feiras en Melide. No apeo do monte de Leboreiro xa se fala do campo da feira, e consta no interrogatorio do Catastro do Marqués da Ensenada (17529 no que xa dicían que a feira se celebraba o derradeiro domingo de cada mes.

Na *Descripción económica de Galicia* de Lucas

Ayuntamiento de Mellid

Para general conocimiento y muy especialmente de todas aquellas personas que se dedican a la compra venta de toda clase de ganados, aves, quesos, mantecas, huevos y demás productos del país, se hace público que por acuerdo de este Ayuntamiento y por considerarlo beneficioso para los intereses de la comarca, la importante feria que viene celebrándose en la villa de Mellid el segundo domingo de todos los meses HA SIDO TRASLADADA PARA EL DIA 15, y, por lo tanto, DESDE EL MES DE NOVIEMBRE PRÓXIMO, INCLUSIVE, LA CITADA FERIA TENDRA LUGAR EL EXPRESADO DIA DE CADA MES.

Mellid a 14 de Septiembre de 1931

EL ALCALDE,

Inocencio Fuciños

Labrada (1804), xa recolle que en Melide se celebraba a feira grande de gando, o derradeiro domingo de mes, e mercado o resto dos domingos, sendo os produtos: tigre, centeo e millo. Tamén, dende mediados o século XX, houbo mercado os xoves, ate mediados os anos sesenta do pasado século a base de froito, queixos, verduras, leitóns, galiñas, coellos, etc...

O Concello de Melide no ano 1915, creou a feira pequena de “quince de cada mes”, que logo pasou a ser o segundo domingo de cada mes, ate que por outro acordo do Concello, recén chegada a II República, volta a ser “os quince de cada mes”, en data 14 e setembro de 1931.

En Vilouriz (Toques), celebrábase unha boa feira de vacas ate principios dos anos 1950, que por mor da feira do 15 de Melide, foi desaparecendo. Aínda hoxe o centro da Parroquia de Santiago de Vilouriz chámase o Campo da feira.

O vello campo da feira de Melide, estivo no campo de San Roque, actual Cantón, ate case que metá dos anos sesenta, que pasou para o actual emprazamento.

O mercado do forito celebrábase na Alhóndiga, onde hoxe está o velorio e rúa. O mercado do queixo era na Praza do Convento (xunto con galiñas, coellos, etc) e

no Cruceiro. Na Praza das Coles, verduras e demais, e logo na Praza da Herva (a carón da Cás Parrado), os melidás mercaban carros de herba ou palla, e na Praza do Pozo Pequeno (tamén chamada a nivel popular “praza do toxo”), o toxo para estraren as cortes dos porcos.

Os melidás, traballaodres, comerciantes e feirantes, tiñan moitas feiras arredor de Melide.

Feiras arredor de Melide (días do mes)

- 1- Monterroso
- 2-Agolada
- 3-Lalín
- 4-Cruces de Besexo
- 5-Chantada
- 6-Roimil
- 7-Palas e San Saturnino O Pino
- 8-Arzúa
- 9-Curtis
- 10-Antas
- 11-Lousadela
- 12-Agolada
- 13-Cruces de Sobrado
- 14-Boimorto
- 15-Melide
- 17-Cruces de Besexo
- 18-Lalín
- 19-Palas de Rei
- 20-Taboada
- 21-Chantada
- 22-Arzúa
- 23-Curtis
- 26-Brantega e Guimarei
- 27-Cruces e Sobrado
- 28-Boimorto
- 29-Bandeira
- 30-Rodeiro
- Derradeiro Domingo-Melide



Parte da expedición melidá aos II Encontros Escolares Galegos de Xogos Tradicionais

O evento celebrouse o 20 de maio en Culleredo

Os escolares melidaos participaron no II Encontro Escolar Galego de Xogos tradicionais a pesar das inclemencias meteorolóxicas

Rede Galega do Xogo Tradicional Brinquedia

Finalmente non se puido desenvolver tal e como estaba previsto o II Encontro Escolar Galego de Xogos Tradicionais o pasado 20 de maio en Culleredo. Tras comprobar o estado no que se atopaban as instalacións da Acea da Ma, despois de aguantar a chuvia da noite anterior e a que se seguía producindo na mañá do sábado, e ante a dificultade de contar cun espazo cuberto que acollera cinco zonas de xogos diferenciadas para 900 rapaces, a organización decidiu adiar o evento.

Porén, a nova do adiamento chegaba cando xa unha boa parte dos colexios estaban en camiño; mesmo algúns deles preferiron achegarse de calquera xeito ao recinto das instalacións que a Fundación Deporte Galego ten no concello coruñés. Entre os centros que decidiron non volveirse atrás atopáronse o "Mestre Pastor Barral" e o IES Melide, os dous centros melidaos que estaban inscritos.

Para desenvolver dalgunha maneira o programa previsto, e contando coa colaboración do Concello de Culleredo e da Universidade Laboral, empregáronse dous pavillóns deportivos para acoller a case 400 nenos e nenas, que practicaron un bo número dos xogos previstos para a xornada.

Brinquedia, a Rede Galega do Xogo Tradicional, entidade organizadora do evento, solicitou ao CERNE que transmitise o seu recoñecemento a todos os centros de ensino que participaron do Encontro, incluíndo no seu currículo escolar os xogos tradicionais neste curso. O seu recoñecemento tamén á Fundación Deporte Galego e á Dirección Xeral de Xuventude, por apoiar por primeira vez desde a Xunta da Galiza un evento relacionado con algo tan pouco "espectacular" como son os xogos tradicionais. E o seu recoñecemento, por último, ao Concello de Culleredo, por todas as atencións prestadas, e ao MUPEGA e ao Consello Regulador Mel

de Galiza, por colaborar e participar desta convocatoria.

Particularmente, e a pesar de que as circunstancias non permitisen que o programa se desenvolvese segundo estaba previsto, Brinquedia transmitiunos tamén, moi especialmente, a súa gratitude a todos/as os/as colaboradores/as e coordinadores/as de zona por traballar desinteresadamente na organización do Encontro Escolar e na promoción do noso Patrimonio Lúdico.

Desde o CERNE só nos queda recoñecer a capacidade de decisión dos dous centros melidaos participantes no evento que, a pesar de todo, decidiron seguir adiante co seu programa. Non en vao a Terra de Melide estase convertendo nun referente obrigado no proceso de recuperación do patrimonio lúdico galego, especialmente no que se refire aos proxectos que están desenvolvendo o "Mestre Pastor Barral", o instituto e o veciño colexio de Boimorto.

Gárdame este secreto

Vanessa Martíñez Iglesias

Hai lugares nos que non é posible ter segredos. A privacidade e o íntimo desaparecen e pasan a ser o común á boca de todos. Din que pobo pequeno inferno grande, e o certo é que o mal das faladurías é inversamente proporcional ao tamaño do núcleo de poboación. No rural, onde as casas estaban antes pegadas e todos controlaban os movementos de todos, era habitual que en calquera cociña estivese calquera, coma se o espírito das cantinas e as tabernas doutro tempo aínda perdurase. Pero hai un momento no que a broma, a complicidade e a familiaridade deixan de existir e tórnanse indiscreción. Non hai nada que facer ante un rumor, ante unha lenda urbana - ou rural- que fala de ti, aínda que nunca estiveras alí onde se te acusa.

Na personalidade galega está dende sempre o vicio de criticar. Forma parte de nós, coma o vicio de falar do tempo cando todo o mundo o ve e o sente, ou o de meterlle unha culeriña á botella de champagne na madrugada da noiteboa aínda sabendo que o gas vai marchar igual. Son cousas que ninguén inventou nunca,

pero están aí e nós perpetuámolas para que isto nunca cambie. O creto é unha virtude en perigo de extinción que deixou de ser condición para as casadeiras e para as boas compañías porque hoxe non hai humano que rexa segundo a conduta que lle impón o veciño. Nunca faltou algo que dicir.

A invasión dos programas do corazón e das publicacións que se dedican a airear os trapos sucios dos supostamente famosos chegou tamén á Galicia profunda. En boca de todos está o nome das mulleres que se deitan con máis dun home; o dos homes que fuman máis ca tabaco e chegan bébedos á casa; o dos nenos que son malas compañías para os nosos nenos. Todos, querendo ou sen querelo sabemos os últimos dixomedixomes da vila, da aldea; sabemos a vida do panadeiro que nos leva o pan, interesámonos polo mozo da filla do carteiro, pola paga non contributiva que cobra a nai do cacique, pola parella que decidiu compartir a vida sen casar... Tantas cousas que nos comen os minutos que sería fabuloso poder pechar os ollos e pensar que ninguén, neste momento, está falando de nós.

Se queres enviar a túa
colaboración a Cerne, chama
ao

981.506.188

Teléfonos de
interese

Autobuses

Actos

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	Polideportivo
Urxencias.....092	981507752
Melide.....981505003	Centro Social da 3ª Idade
Policía Nacional.....091	981505706
Garda Civil	Parada de Taxis
Urxencias.....062	981505390
Melide.....981505007	Albergue Xuvenil
S.O.S	981507412
S.O.S Galicia.....112	Albergue do Peregrino
Protec.Civil.....670498848	660396822
TRANSPORTES	
Renfe	Centro Ocupacional
Nacional.....902240202	981505003
A Coruña	A.S.E.T.E.M
Santiago	981506188
Autobuses	Fundación Terra de Melide
A Coruña.....981239099	981507244
Santiago.....981542416	I.E.S. de Melide
Melide.....981505204	981505162
Aeroportos	C.E.I.P nº1.....981505238
A Coruña.....981187200	C.E.I.P nº2.....981505929
Santiago.....981547500	Gardería.....981507738
Vigo.....986268200	U.A.F. de Melide
	981 507742
SANTISO	
	Casa do Concello
	981818501
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	Centro de Saúde
Atención ao cidadán	Agrochao.....981517803
981120012	Visantoña.....981510749
Valedor do pobo	Xulgado de Paz
981571900	981 818501
Economía facenda	
981545151	SOBRADO
Industria e Comercio	Casa do Concello
981544341	981787508
Sevizo Galego Colocación	Desenvolvemento local
981125000	981787508
Teléfono da Muller	Centro de Saúde
900400273	981787744
Teléfono do Menor	Mosteiro de Sobrado
900444222	981787509
Dirección Xeral de Tráfico	Xulgado de Paz
900125505	981787508
Correos.....902197197	
Auga.....981242322	TOQUES
Electricidade.....981147200	
Gas.....900760760	Casa do Concello
	981505826
MELIDE	Centro de Saúde
	981507301
Casa do Concello	Xulgado de Paz
981505003	981505826
Centro de Saúde	
981506176	
Servizos Sociais	
981505012	

MELIDE - A CORUÑA	6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
De luns a venres:	
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	
Sábados:	Sábados:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e Festivos:	
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	Domingos e festivos:
22.30	7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
Parada fronte á Cafetería Marta	Parada fronte á Pizzería Xoldra
A CORUÑA - MELIDE	
De luns a Venres:	
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	MELIDE - LUGO
Sábado:	De luns a venres:
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Domingos e Festivos:	Sábados:
8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
MELIDE - FERROL	Domingos e festivos:
De luns a venres:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
Non hai liña	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
Sábados:	
19.15	
Domingos e Festivos:	
19.15	
Parada fronte á Cafetería Marta	
FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
De luns a venres:	Luns a venres laborables:
Non hai liña	Saída de Fondevila: 10.20
Sábados:	Saída de Melide: 12.30
10.30	Domingos excepto último de mes:
Domingos e festivos:	Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
17.00	Saída de Melide: 13.00
MELIDE - OURENSE	Último domingo de mes:
De luns a venres:	Saída de Fondevila: 7.45
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
Sábados:	
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	
Domingos e festivos:	
9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
Parada fronte á Cafetería Marta	Martes e venres laborables:
OURENSE - MELIDE	Saída de Folladela: 8.30
De luns a venres:	Saída de Melide: 12.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Domingos excepto último de mes:
Sábados:	Saída de Folladela: 8.40
8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15	Saída de Melide 13.00
Domingos e Festivos:	Último domingo de mes:
9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - SANTIAGO	
De luns a venres:	

XUNO
-Mércores 7: fallo do VI Certame de Creación Literaria “Terra de Melide”.
-Martes 13: clausura do curso de Preescolar na Casa coa visita de Duende Zito na Biblioteca Municipal.
- Venres 9: Bukowski Trio no Pub Gatos, con versións dos Sonts, Hendrix, The Doors ou os Beatles.
-Días 15, 16, e 17: elaboración dos arcos e alfombras florais na reitoral da igrexa parroquial.
-Venres 16: clausura das Escolas Deportivas ás 20.00 hoars o polideportivo municipal con entrega de diplomas.
-Venres 16: Siva no Pub Gatos.
-Venres 23: Tumbling Dice no Pub Gatos.
-Días 24 e 25: celebración da XVI Feira de Mostras do Interior de Galicia.
-Días 27, 28, 29 e 30: excursión fin de curso para rapaces de Melide.
-Días 28, 29 e 30: concerto fin de curso dos rapaces e rapazas do Conservatorio Municipal de Melide ás 20.00 horas no Edificio Multiusos.
-Xoves 29: celebración da festividade de San Pedro. Entrega das medallas de Melideeactuación da Banda Municipal de Melide.
-Venres 30: Dask no Gatos.

José Luís Silva, xerente de Establecimientos El Mueble

“A nosa ilusión foi sempre poñer en marcha un tanatorio, e temos a esperanza de facelo algún día”

Levan máis de medio século asentados en Melide. Comezaron cun taller de carpintería que pasou a ser exposición, e ao que se sumaron anos máis tarde os servizos de ambulancias e o fúnebre. O servizo coitado e a renovación das ambulancias e os coches fúnebres son dous

dos trazos que marcan o traballo de El Mueble. Actualmente son oito as persoas que traballan para a empresa, que opera esencialmente nos concellos de Melide, Toques e Santiso, e que continúa na man das familias fundadoras da sociedade.

L.G.C.
Melide

Hai empresas na comarca que son practicamente unha institución, e, sen dúbida unha delas é Establecimientos El Mueble. Máis de medio séculos instalados en Melide, e un negocio diversificado, avalan a traxectoria desta empresa. José Luís Silva e José Luís Rúa, hoxe xerentes de El Mueble, son os continuadores dun negocio que puxeron en marcha o pai de Silva e o sogro de Rúa aló polo 1943.

-¿Onde comeza a historia de Establecimientos El Mueble?

-A empresa fundouna o sogro de Rúa e meu pai. Púxose en marcha como taller de carpintería, pasados os anos empezáronse a facer mobles, e chegou a ter ata 12 empregados. Despois foise deixando o tema da fabricación e pasouse á venda, e no ano 80 montouse a exposición. A raíz de aí, e ao tempo que a xente se ía xubilando, deixouse a fabricación.

-¿Cando comezaron co servizo fúnebre?

-Pois foi aló polo ano 1960, e tamén por idea do sogro de Rúa e de meu pai. Nós empezamos a traballar de cheo no ano 1990, e no 1991 ampliamos o negocio ás ambulancias.

-¿Cómo era este servizo naqueles tempos?

-Antes funcionaba moi distinto de agora. Chamábase o médico ou



José Luís Silva é, xunto con José Luís Rúa, xerente de Establecimientos El Mueble

unha persoa; mesmo nós íamos moitas veces xunto ao médico para que nos dera o volante. Máis ou menos funcionaba así todo ata que se puxo xa en marcha o 061. Despois, ademais das urxencias levamos tamén as consultas e tratamentos prolongados.

-¿Qué foi o que vos levou a diversificar o negocio?

-Pois un pouco de todo. Viamos que había certa necesidade na zona, e tamén viamos que outras empresas compañeiras dos servizos funerarios tamén tiñan ambulancias, e vímolos como un complemento máis do negocio.

-Realmente, hoxe El Mueble céntrase sobre todo no servizo funerario e de ambulancias, ¿non?

-Sí. Á moblería non lle adicamos todo o tempo que deberíamos porque os outros servizos requiren moita adicación. Temos que movernos coas ambulancias todos os días, e ao servizo funerario tamén.

-Servizos como os que vostedes prestan ¿requiren, ao igual ca outros sectores, investimentos constantes?

-Sí. Cada ano temos que facer ampliacións porque nos obriga o SERGAS. Temos catro ambulancias e renovámolas cada pouco, porque non se permite traballar con ambulancias de máis de oito anos. Hai que renovar tamén os coches fúnebres, así que todos os anos hai que facer investimentos.

-¿Teñen previsto diversificar aínda máis o mercado de negocio?

-A nosa ilusión foi sempre

construír un tanatorio como é debido. De feito, temos os solares comprados e os planos feitos e visados. O que pasa é que dixeránnos que nos terreo se podía facer, e cando xa tiñamos os planos e todo, denegáronnos os permisos. Estamos aí, cos planos feitos, pero sen poder montar o tanatorio. Temos aínda a esperanza de que algún día se poida levar a cabo a idea.

-¿Veo como unha necesidade urxente?

-É moi necesario. A día de hoxe estamos bastante cubertos co velatorio municipal, pero de todos xeitos, incluso para a marcha do noso negocio, é preciso, porque así non podemos presentarnos a

determinadas cousas do sector porque a administración require o tanatorio. Así que esa segue a ser a nosa meta.

-¿Cambiou o sector?

-Moitísimo, e estamos preto de que dé outro cambio en dous ou tres anos. Sempre mellorando o servizo, sanidade aplica novos sistemas. Agora mesmo se fala de que a partir de 2008, máis ou menos, non se poderán velar os cadáveres nas casas, que deberán ir a un velatorio ou a un tanatorio. Cada vez hai máis funerais via compañía de seguros, e entón o trato coa compañía é distinto. Obviamente o servizo para nós é igual, pero coas compañías hai outras condicións.

-¿Canta xente traballa agora con vós?

-Oito persoas para cubrir Melide, Santiso e Toques, aínda que claro está que imos a onde nos chamen.

-¿O negocio terá continuidade familiar?

-Porque El Mueble é xa case unha institución.

-Meu pai, Elisardo, e Luís, sogro de

Rúa estiveron 45 anos xuntos ata que faleceu meu pai. Agora estamos nós, e en principio, a idea é que os nosos fillos tamén continúen. Aínda que con estas cousas nunca se sabe. El Mueble sí, xa é case unha institución, porque poucas casas hai en Melide, Toques e Santiso nas esta empresa non entrara a facer unha cousa ou outra.

“Estamos preto de que o sector fúnebre experimente outro cambio”

“Cada pouco temos que renovar as ambulancias”

Editorial	P2	Lecer e cultura	P14
Opinión	P3	Colaboracións	P16
Melide	P4	Axenda	P18
Comarcas	P8	A entrevista do mes	P19
Empresa e comercio	P11		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.). Nº16. 1 de xuño -1 de xullo de 2006.
Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com



Maio na Terra de Melide...



CANTERAS DEL ARENAL CANTERAS DE RICHINOL



ARIDOS Y EXCAVACIONES



[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]
[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]
[E-mail: arenal@canterasare.com]

